



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

Termalismo Social IMSERSO 2022

O sábado 27 de novembro de 2021 saíu publicado no BOE a resolución do 16 de novembro de 2021, do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, pola que se convocan prazas para pensionistas que desexen participar no Programa de Termalismo.

BENEFICIARIOS:

- Pensionistas de xubilación ou incapacidade permanente do Sistema de Seguridade Social.
- Pensionistas de viuvez con cincuenta e cinco ou máis anos de idade do Sistema de Seguridade Social.
- Pensionistas por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, con sesenta ou máis anos de idade do Sistema de Seguridade Social
- Persoas aseguradas ou beneficiarias do Sistema da Seguridade Social, con sesenta e cinco ou máis anos de idade.

REQUISITOS:

- Non padecer alteracións de comportamento que poidan alterar a normal convivencia nos establecementos, ni padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- Poder valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria.
- Precisar os tratamentos termais solicitados e carecer de contraindicación médica para a recepción dos mesmos.
- Acadar, de conformidade coa baremación establecida, a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas.

PREZO E FORMA DE PAGO DAS PRAZAS:

O prezo para pagar polos usuarios e, no seu caso, os acompañantes varía segundo o balneario e a quenda.

PRAZO DE PRESENTACIÓN:

- Para as quendas dos **meses de febreiro a agosto**, ambos inclusive: **ata o día 31 de decembro de 2021**.
- Para as quendas dos **meses de setembro a decembro**: **ata o día 15 de maio de 2022**.

Para calquera información contactar coa Traballadora Social do Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 30 de novembro de 2021.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

